

## ANUNCIO

### PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, MEDIANTE FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE RESPONSABLE DA UNIDADE DE VÍAS E OBRAS INCLUÍDA NA OEP DO CONCELLO DE FENE DO ANO 2018

Logo das deliberacións do Tribunal cualificador en sesión celebrada o día 20 de xuño de 2022, por unanimidade dos presentes, entre outros, acordouse:

#### VALORACIÓN DEFINITIVA DOS MÉRITOS DA FASE DE CONCURSO, LOGO DA SUBSANACIÓN

Logo de ver a documentación remitida polos servizos administrativos do concello de Fene, ao tribunal cualificador atendendo ao requirimento formulado na sesión anterior a D. Juan Miguel Martín Pérez, acreditando a experiencia profesional, en relación coa valoración da fase de concurso de cada un dos candidatos presentados, por unanimidade dos presentes, resultan as seguintes puntuacións definitivas:

Nº	APELIDOS E NOME	EXPERIENCIA	FORMACIÓN ESPECÍFICA	ANTIGÜIDADE	GRADO CONSOLIDADO	TOTAL
1	MARTÍN PÉREZ, JUAN MIGUEL	2	2.5	2.02	2	8.52
2	PICO FEAL, VÍCTOR MANUEL	2	2.5	2.04	0	6.54

Atendendo ao establecido na base novena, das que rexe a convocatoria, os aspirantes disporán dun prazo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación das puntuacións obtidas na fase de concurso, para formular alegacións/reclamacións. Á vista das reclamacións que se presenten e no caso de ser estimadas polo Tribunal, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose de novo a valoración definitiva no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello.

#### CONVOCATORIA Á REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN

Atendendo ao previsto na base novena, e á vista da documentación presentada por ambos candidatos, os membros do Tribunal acordan por unanimidade dos presentes convocar ao candidato Víctor Manuel Pico Feal á realización do primeiro exercicio da fase de oposición o día **30 de xuño de 2022 as 9.45 horas no salón de sesións do concello de Fene.**

Este exercicio consistirá en traducir do castelán ao galego, nun tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario, un texto facilitado polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba; que resultará acorde ás características funcionais da vacante convocada, e na que se deberá demostrar unha competencia similar á esixida para obter o certificado de lingua galega requirido na convocatoria (CELGA 3). Correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de "apto/a"; quedando eliminados do proceso selectivo aqueles/as aspirantes que non acaden a dita cualificación.

Esta proba cualificará ás persoas aspirantes como apta ou non apta.

As persoas que non obteñan a cualificación de aptas nesta proba específica ou que, alternativamente, non teñan acreditado posuír o CELGA 3 (ou equivalente), quedarán eliminadas do proceso selectivo.

#### CONVOCATORIA Á REALIZACION DO SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN

Atendendo ao previsto na base novena, e á vista da documentación presentada por ambos candidatos, os membros do Tribunal acordan por unanimidade dos presentes convocar aos candidatos admitidos que obteñan a cualificación de aptas na proba específica do coñecemento de galego ou que, alternativamente, teñan acreditado posuír o CELGA 3 (ou equivalente) á realización do segundo exercicio da fase de oposición o día **8 de xullo de 2022 as 11.30 horas no salón de sesións do concello de Fene.**

Secretaria, asina dixitalmente  
Ana Ramos Ramos